GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

E/F/S.

Nº 26 | Rl.º 5-11-2

El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de Pontevedra, ha dictado la siguiente RESOLUCION:

Asistentes:
Presidente: Iltmo. Sr.
Don Miguel A. Dolmas y Pérez de Salcedo.

Vicepresidente:
Iltmo.Sr.Don Manuel Landeiro Piñeiro.

Vocales:
Don Luis Solano Aguayo.
Don José L. de la Torre Nieto.
Don José Casal Pereira.
Don Ricardo García Borregón.
Don Pedro Rial López.

Vocales por los montes:
Don Manuel Pereira.
Don Francisco Moldes Tilve.
Don Manuel Abal Magariños.
Don David Búa Pereira.
Don Daniel Buceta.
Don Valentín Buceta Merino.
Don Amador Cancela Outón.

Secretario:
Don Víctor Soto Bello.

---oOo---

En la Ciudad de Pontevedra, siendo las diecisiete horas del día diecisiete de julio de mil novecientos ochenta, con asistencia de los señores que al margen se expresan, se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte que se indica, sito en el término municipal de B A R R O , y

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 5 montes radicados en el Ayuntamiento de Barro, entre los que figura el denominado Bazar, Soqueiros, Villaverde, da Roga y da Cancela que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: MONTES DE PORTELA.
Cabida: 399 Has.
Límites:
Norte: Término y montes de Agudelo y Perdecanay.
Este: Término municipal de Pontevedra.
Sur: Idem.
Oeste: Término y montes de Curro.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 15 de noviembre de 1979, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 5 montes radicados en el Ayuntamiento de Barro.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Caldas de Reyes la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Barro, así como a las Comunidades Vecinales afectadas, todos ellos interesados en el mismo, y que se publicó a estos efectos en el Boletín Oficial de la Provincia número 286 de fecha 12 de diciembre de 1979, concediendose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que tanto el Ayuntamiento como la Cámara Agraria Local de Barro no se han personado en el expediente.

RESULTANDO: Que las Comunidades Vecinales se ha-n personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:
a) Los vecinos de Portela interesan ques se clasifiquen varios montes de la parroquia, aportando antecedentes de que son montes en mano común, por haber sido exceptuados de la desamortización según consta en certificación expedida por el Director del Archivo Histórico Provincial.
b) Los vecinos de Agudelo manifestaron análogas pretensiones que los de Portela, aportando diversa documentación.

RESULTANDO: Que Don David Búa Pereira en nombre de los vecinos de San Verísimo de Barro se persona en el expediente aportando copia de documentos del Archivo Histórico, en los que consta el carácter de los montes como del común, interesando se adjudiquen los montes por lugares, y que se rectifique las superficie de los mismos de acuerdo con las citas que se hacen en diversos documentos.

RESULTANDO: Que el monte está catalogado como de Utilidad Pública por lo menos en parte.

VISTOS: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio de 1968 y el Reglamento para su aplicación aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 27 de julio de 1968 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su orígen vengan aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes de la provincia de Pontevedra del año 1847, figuran los de las parroquias de Barro como de propiedad del común de vecinos.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales en Mano Común establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: Que en el propio Catálogo de montes de la provincia la titularidad se atribuyó a las parroquias correspondientes.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad, existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anormalidad, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establece el artículo 2 de la Ley citada y el artículo 38 de su Reglamento, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

CONSIDERANDO:

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

| N.º ........ | R.º 5-11-2 |
|---|---|

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN EL MONTE DENOMINADO MONTES DE PORTELA
TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL RESULTANDO PRIMERO - DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE PORTELA
DE LA PARROQUIA DE PORTELA
DEL TERMINO MUNICIPAL DE B A R R O
POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS POR EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente Resolución podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.

Transcurridos los plazos de interposición de recursos sin que éstos se hayan presentado, esta RESOLUCION será firme a todos los efectos reglamentarios.

Lo que me complazco en notificarlo para su conocimiento y demás efectos.

Dios le guarde. .. OCT. 1980
Pontevedra,
EL SECRETARIO DEL JURADO

Fdo.- Tomás Fernández Doctor.

O Sr. Alcalde Presidente del Ayuntamiento.-
O Sr. Presidente de la Cámara Agraria Local.-
O Sr. Presidente de la Comunidad Vecinal del monte



Térm.º de Meis
PEDRA CHAN
BARRELA
CHAN
BOLO DO POTE
Magdalena
RABUÑA
Conceiro
Coruta
FAXIL
Fagil
Lordoeira
Loarido
Gándara
Rande
Iglesia
AGUDELO
S. Martin
GUIMIL Y CASAS
Guimil
Casas
Sete Fontes
OUTEDA
VILLAVERDE
Villaverde
Porta Romeu
S. Antoniña
La Balada
Valbón
Outeiro
Piñeiro
Mosqueiros
DA CANCELA
Porriña
Cancela
Briadaña
PORTELA
S. Mamed
BAZAR
5
Curras
Aspera
Astrar
Lamba de Maceira
S. Mauro
DA REGA
SEQUEIROS
Sequeiros
C-531
N-550, trozo de La Coruña a Redondela
N.
Término de Pontevedra


PO 2 5 1

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 12 de agosto de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Perdecanai e Portela (concello de Barro) ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22021).*

Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 26 de xuño de 2024, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Perdecanai e Portela (concello de Barro), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22021).

Feitos.

Primeiro. O 23.09.2022 o presidente da comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Perdecanai presenta no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2022/2337564, solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Perdecanai (Barro) e a CMVMC de Portela (Barro).

O 28.9.2022 o presidente da CMVMC de Portela presenta no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2022/2380555 a solicitude de deslindamento coa CMVMC de Perdecanai.

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de Perdecanai (ID Monte: 2454) da CMVMC de Perdecanai.

– MVMC de Portela (ID Monte: 2455) da CMVMC de Portela.

CVE-DOG: sqgwzl89-iez7-tbq9-ghx5-k2w7kds0jvv0

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

• Acta do deslindamento o 6.8.2017.

• Acta de conciliación núm. 2/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Barro o 26.09.2022.

• Certificado do secretario da CMVMC de Perdecanai coa conformidade do presidente do 19.9.2022 da aprobación en asemblea do 10.6.2018.

• Certificado do secretario da CMVMC de Portela coa conformidade do presidente do 18.1.2021 da aprobación en asemblea do 24.9.2017.

• Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 03.11.2023 polo enxeñeiro técnico forestal colexiado núm. 297 do COETF de Galicia. Constan emendas posteriores que corrixen a dita memoria.

• Informe de validación gráfica catastral con CSV: FP9NNYQYPB86DN78 (para a comunicación da alteración catastral consonte o artigo 55.3 da Lei 7/2012), que polo principio de colaboración entre administracións deberá verificar a Xerencia Territorial de Catastro.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 883 metros e está composta polos seguintes puntos:

| | | |
|---|---|---|
| Punto 1 | x: 531.183,78 | y: 4.706.688,34 |
| Punto 2 | x: 530.986,05 | y: 4.706.864,01 |
| Punto 3 | x: 530.906,05 | y: 4.706.904,56 |
| Punto 4 | x: 530.804,29 | y: 4.706.956,26 |
| Punto 5 | x: 530.694,30 | y: 4.707.089,59 |
| Punto 6 | x: 530.610,91 | y: 4.707.192,05 |
| Punto 7 | x: 530.545,00 | y: 4.707.261,45 |
| Punto 8 | x: 530.519,34 | y: 4.707.275,47 |
| Punto 9 | x: 530.174,09 | y: 4.707.437,65 |

CVE-DOG: sqgwzl89-iez7-tbq9-ghx5-k2w7kds0jvv0

No traballo de gabinete establécense puntos de deslindamento secundarios para respectar as propiedades particulares (o deslindamento realizarase coas propiedades particulares).

| | | |
|---|---|---|
| Punto 10 | x: 531.175,81 | y: 4.706.695,42 |
| Punto 11 | x: 531.011,89 | y: 4.706.841,05 |
| Punto 12 | x: 530.559,34 | y: 4.707.246,35 |
| Punto 13 | x: 530.436,82 | y: 4.707.314,24 |
| Punto 14 | x: 530.344,15 | y: 4.707.357,77 |

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC detéctase que existe condición de lindeiros entre ambos e considérase que non afecta terceiros propietarios.

O deslindamento está formado por 4 tramos:

Tramo 1: punto 1-o punto 10.

Tramo 2: punto 11-o punto 6.

Tramo 3: punto 12- o punto 13.

Tramo 4: punto 14-o punto 9.

A liña de deslindamento respecta a liña do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Barro e Pontevedra.

A liña de deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación. Polo que ambas as comunidades achegan:

• Axustes para pechar o punto 1 e o punto 9 co resto do esbozo do seu MVMC. Na CMVMC de Perdecanai o axuste do punto 1 modifica o esbozo respectando as propiedades particulares segundo a cartografía catastral ata pechar co punto 6 do expediente DC22020 (deslindamento entre a CMVMC de Perdecanai e a CMVMC de Verducido.

• Os axustes do esbozo nos tramos entre o punto 10 e o punto 11, entre o punto 6 e o punto 12 e entre o punto 13 e o punto 14 respectan as propiedades particulares.

CVE-DOG: sqgwzl89-iez7-tbq9-ghx5-k2w7kds0jvv0

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53, polo que propón a aprobación do deslindamento segundo a liña presentada.

Consideracións legais e técnicas.

Primeira. A presente resolución dítase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Perdecanai e a CMVMC de Portela (Barro) respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito terceiro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 12 de agosto de 2024

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común

CVE-DOG: sqgwzl89-iez7-tbq9-ghx5-k2w7kds0jvv0




| Puntos | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 531183,78 | 4706688,34 |
| 10 | 531175,81 | 4706695,42 |
| 11 | 531011,89 | 4706841,05 |
| 2 | 530986,05 | 4706864,01 |
| 3 | 530906,05 | 4706904,56 |
| 4 | 530804,29 | 4706956,26 |
| 5 | 530694,3 | 4707089,59 |
| 6 | 530610,91 | 4707192,05 |
| 12 | 530559,34 | 4707246,35 |
| 7 | 530545 | 4707261,45 |
| 8 | 530519,34 | 4707275,47 |
| 13 | 530436,82 | 4707314,24 |
| 14 | 530344,15 | 4707357,77 |
| 9 | 530174,09 | 4707437,65 |




| Puntos | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 531183,78 | 4706688,34 |
| 10 | 531175,81 | 4706695,42 |
| 11 | 531011,89 | 4706841,05 |
| 2 | 530986,05 | 4706864,01 |
| 3 | 530906,05 | 4706904,56 |
| 4 | 530804,29 | 4706956,26 |
| 5 | 530694,3 | 4707089,59 |
| 6 | 530610,91 | 4707192,05 |
| 12 | 530559,34 | 4707246,35 |
| 7 | 530545 | 4707261,45 |
| 8 | 530519,34 | 4707275,47 |
| 13 | 530436,82 | 4707314,24 |
| 14 | 530344,15 | 4707357,77 |
| 9 | 530174,09 | 4707437,65 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Perdecanai (Barro) e a CMVMC de Portela (Barro)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:4.500

DECEMBRO -2023

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 107 | Venres, 6 de xuño de 2025 | Páx. 31901

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 16 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Portela e Agudelo, Barro (DC22041).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu na súa reunión do 26 de marzo de 2025 aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) de Portela e Agudelo (Barro), con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022 o presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Portela, presenta solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Portela e a CMVMC de Agudelo, ambas no concello de Barro.

Os montes veciñais en man común (MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de Portela (ID: 2455) da CMVMC de Portela.

– MVMC de Agudelo (ID: 2451) da CMVMC de Agudelo.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

• Acta do apeo do deslindamento do 29.9.2022.

• Acta de conciliación núm. 4/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Barro do 4.4.2023.

• Certificado do 16.4.2024 da secretaria da CMVMC de Portela coa conformidade do presidente da aprobación en asemblea xeral do 18.12.2022.

CVE-DOG: ojwqnos1-3w47-xkg5-3qq2-4jqj46omcve2

• Certificado do 2.5.2024 da secretaria da CMVMC de Agudelo coa conformidade do presidente da aprobación en asemblea xeral do 30.10.2022.

• Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 29.6.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 740 do COETF de Galicia. A emenda realizada produce a modificación desta.

• Informes de validación gráfica catastral con CSV: 6WXXEXAS3T8P5N0A.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 148 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto P01 – x: 527.853,10 y: 4.707.781,84

Punto P02 – x: 527.816,63 y: 4.707.774,48

Punto P03 – x: 527.708,79 y: 4.707.801,40

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos e considérase que non afecta terceiros propietarios.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das comunidades, ambas as comunidades presentan un axuste para que o deslindamento sexa coincidente no punto inicial e final coa cartografía existente.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC de Portela e a CMVMC de Agudelo, ambas no concello de Barro, nos termos antes indicados.

CVE-DOG: ojwqnos1-3w47-xkg5-3qq2-4jqj46omcve2

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 LPAC; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 16 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial
de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: ojwqnos1-3w47-xkg5-3qq2-4jqj46omcve2




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| P01 | 527853,10 | 4707781,84 |
| P02 | 527816,63 | 4707774,48 |
| P03 | 527708,79 | 4707801,40 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Agudelo (Barro)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:1.500

NOVEMBRO -2024

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 25 de xuño de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) de Portela (Barro) e Cerponzóns (Pontevedra) (expediente DC22043).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu, na súa reunión do 26.3.2025, aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) de Portela (Barro) e Cerponzóns (Pontevedra), con base aos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022 o presidente da CMVMC de Portela presenta unha solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Cerponzóns (Pontevedra).

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de Portela (ID: 2362) da CMVMC de Portela.

– MVMC de Campo de Bois, Pedreira e Paradellas (ID: 2953) da CMVMC de Cerponzóns.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG):

• Acta do apeo do deslindamento do 22.9.2022.

• Acta de conciliación número 03/2023 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Barro, do 16.5.2023.

• Certificado do 16.4.2024, da secretaria da CMVMC de Portela, coa conformidade do presidente da aprobación na asemblea xeral do 18.12.2022.

CVE-DOG: ukk79cd2-wdg7-b437-2hp1-juqhobci95j5


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

• Certificado do 16.4.2024, da secretaria da CMVMC de Cerponzóns, coa conformidade do presidente da aprobación na asemblea xeral do 4.6.2023.

• Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM, zona 29N EPSG: 25829. Foi asinado o 27.7.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada número 740 do COETF de Galicia. Consta anexo técnico á memoria do 16.12.2024.

• Informes de validación gráfica catastral con CSV 0DM7Y2JTM565C7XD e CSVRGJ1QBWZK7MJ8JA0, ambos engloban os deslindamentos DC22043 e DC22045.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 1.048 metros e está composta polos seguintes puntos:

Punto P02 - x: 530.630,69; y: 4.705.946,69

Punto P03 - x: 530.537,61; y: 4.705.853,32

Punto P04 - x: 530.460,53; y: 4.705.749,38

Punto P05 - x: 530.414,97; y: 4.705.688,93

Punto P06 - x: 530.319,49; y: 4.705.599,00

Punto P07 - x: 530.236,85; y: 4.705.533,52

Punto P08 - x: 530.111,77; y: 4.705.372,04

Punto P010 - x: 52.9874,83; y: 4.705.250,53

Punto P11 - x: 529.800,57; y: 4.705.192,66

Punto P12 - x: 529.660,63; y: 4.705.057,56

Unha vez revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC, detéctase que existen lindes entre ambos e considérase que non afecta terceiros propietarios.

Na solicitude proponse o punto P.01 (x: 530.745,72; y: 4.706.074,15) como punto inicial de deslindamento, pero este punto invade o esbozo da CMVMC de Verducido.

CVE-DOG: ukk79cd2-wdg7-b437-2hp1-juqhobci95j5

Polo tanto, o Servizo de Montes recúa de oficio recúa o dito punto ata o límite dos esbozos de clasificación entre a CMVMC de Cerponzóns e a CMVMC de Verducido, denominado punto secundario PS1 (x: 530.727,81; y: 4.706.054,31).

O tramo PS1-P01 establecerase cando deslinde a CMVMC de Cerponzóns e a CMVMC de Verducido ou cando o dito tramo sexa recoñecido pola CMVMC de Verducido.

No traballo de gabinete establécense seis puntos de deslindamento secundarios.

– PS07: x: 530.172,70; y: 4.705.415,21 (na mesma liña do cortalumes, na quebra sobre una zona rochosa).

– PS08: x: 530.119,74; y: 4.705.377,68 (para respectar o dominio público da estrada PO-224).

– Catro deles son para respectar as propiedades particulares:

PS09: x: 530.047,96; y: 4.705.341,51

PS10 x: 529.864,73; y: 4.705.240,80

PS11: x: 529.831,34; y: 4.705.215,96

PS12: x: 529.665,21; y: 4.705.062,00

No tramo entre o punto P.09 (x: 629.909,03; y: 4.705.274,97) e o punto P.10 non quedan xustificados os lindes da CMVMC de Cerponzóns na parcela de titularidade catastral particular 36900A20900016.

O deslindamento está formado por cinco tramos:

Tramo 1: punto PS1 ao punto PS8

Tramo 2: punto P08 ao punto PS9

Tramo 3: punto P10 ao punto PS10

Tramo 4: punto PS11 ao punto P11

Tramo 5: punto PS12 ao punto P12

CVE-DOG: ukk79cd2-wdg7-b437-2hp1-juqhobci95j5

A liña do deslindamento non é exactamente coincidente coa liña de concellos do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Barro e Pontevedra. O deslindamento establécese mediante acordo das comunidades implicadas no deslindamento.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das seguintes comunidades:

– CMVMC de Portela: presenta un axuste coincidente co axuste presentado no deslindamento DC22045 (deslindamento entre a CMVMC de Portela e a CMVMC de Verducido).

– CMVMC de Cerponzóns: o Servizo de Montes realiza un pequeno axuste con base na proposta presentada pola comunidade, respectando o esbozo da CMVMC de Verducido.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo Xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará unha resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Cerponzóns (Pontevedra), nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPAC, ou ben interpor directamente un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 25 de xuño de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: ukk79cd2-wdg7-b437-2hp1-juqhobci95j5




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| P02 | 530630,69 | 4705946,69 |
| P03 | 530537,61 | 4705853,32 |
| P04 | 530460,53 | 4705749,38 |
| P05 | 530414,97 | 4705688,93 |
| P06 | 530319,49 | 4705599,00 |
| P08 | 530111,77 | 4705372,04 |
| P10 | 529874,83 | 4705250,53 |
| P11 | 529800,57 | 4705192,66 |
| P12 | 529660,62 | 4705057,56 |
| PS11 | 529831,34 | 4705215,96 |
| PS7 | 530172,70 | 4705415,21 |
| PS10 | 529864,73 | 4705240,80 |
| PS9 | 530047,96 | 4705341,51 |
| PS8 | 530119,74 | 4705377,68 |
| P07 | 530236,85 | 4705533,52 |
| PS12 | 529665,21 | 4705062,00 |
| PS1 | 530727,81 | 4706054,30 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Cerponzóns (Pontevedra)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1: 2.500

XANEIRO -2025

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 16 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Portela (Barro) e Verducido (Pontevedra) (expediente DC22045).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu na súa reunión do 26.3.2025 aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) de Portela (Barro) e Verducido (Pontevedra), con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022 o presidente da CMVMC de Portela presenta solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Verducido (Pontevedra).

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de Portela (ID Monte: 2455) da CMVMC de Portela.

– MVMC de Campo Outeiro e Gato Morto (ID Monte: 2948) da CMVMC de Verducido.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia:

• Acta do deslindamento do 4.5.2018.

• Acta de conciliación X53 Conciliación 0000418/2023 entre as comunidades no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Pontevedra do 21.6.2023.

• Certificado do secretario da CMVMC de Portela coa conformidade do presidente do 16.4.2024 da aprobación en Asemblea do 18.12.2022.

CVE-DOG: d0nuquh3-en14-jos5-lde1-7vej2jsphsf4

• Certificado do secretario da CMVMC de Verducido coa conformidade do presidente do 30.11.2022 da aprobación en asemblea do 7.10.2018.

• Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829, asinada o 20.7.2023 pola enxeñeira técnica Forestal colexiada núm. 740 do COETF de Galicia. O anexo á memoria asinado o 3.5.2024 produce a modificación desta.

Informe de validación gráfica catastral 0DM7Y2JTM565C7XD e RGJ1QBWZK7MJ8JA0, ambos engloban os deslindamentos DC22043 e DC22045.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 793 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto P01: X: 530.791,71; Y: 4.706.600,34.

Punto P02: X: 531.055,10; Y: 4.706.639,23.

Punto P03: X: 530.745,72; Y: 4.706.074,15.

Punto P04: X: 531.183,78; Y: 4.706.688,34.

No traballo de gabinete establécense dous puntos de deslindamento secundarios, para respectar as propiedades particulares (PS1, PS2) polo que neste tramo non existe linde entre ambos os montes (o deslindamento realizarase coas propiedades particulares).

Punto PS1: X: 530.790,26; Y: 4.706.583,78.

Punto PS2: X: 530.778,12; Y: 4.706.444,92.

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC detéctase que existe linde entre ambas. A excepción dun tramo entre o punto P01 e P04 onde a cartografía da CMVMC de Verducido non é lindeiro, neste tramo o linde queda xustificado pola titularidade catastral das parcelas 36900A25100091 e 36900A25200466.

O punto P04 é coincidente co punto P01 do expediente DC22021 (deslindamento entre a CMVMC de Portela e a CMVMC de Perdecanai. Polo que no punto P04 converxen a CMVMC de Portela, CMVMC de Perdecanai e a CMVMC de Verducido.


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

O deslindamento está formado por dous tramos:

Tramo 1: punto P03-punto PS2.

Tramo 2: punto PS1 -punto P01-punto P02 e punto P04.

A liña do deslindamento non respecta exactamente a liña do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Barro e Pontevedra.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das seguintes comunidades:

– A CMVMC de Portela realiza uns axustes:

Desde o punto P03 co expediente DC22043 (deslindamento entre a CMVMC Portela e CMVMC de Cerponzóns).

Desde o punto PS2 o PS1 tomando coma referencia a cartografía catastral.

Desde o punto P04 axústase o expediente DC22021.

– A CMVMC de Verducido realiza uns axustes:

Desde o punto P03 co expediente DC22043 ata que se realice o deslindamento entre a CMVMC de Verducido e a CMVMC de Cerponzóns.

Desde o punto PS2 realízase un axuste para pechar a liña de deslindamento coa cartografía existente.

Desde o punto PS1 ata o punto P04 inclúense as parcelas catastrais 36900A25100091 e 36900A25200466.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo Xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

CVE-DOG: d0nuquh3-en14-jos5-lde1-7vej2jsphsf4

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Verducido (Pontevedra), nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPAC, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 16 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: d0nuquh3-en14-jos5-lde1-7vej2jsphsf4




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| P03 | 530745,72 | 4706074,15 |
| PS2 | 530778,12 | 4706444,92 |
| PS1 | 530790,26 | 4706583,78 |
| P01 | 530791,71 | 4706600,34 |
| P02 | 531055,10 | 4706639,23 |
| P04 | 531183,78 | 4706688,34 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Berducido (Ponteveddra)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:2.000

NOVEMBRO -2024

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 16 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Portela (Barro) e Alba (Pontevedra) (expediente DC22052).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu na súa reunión do 26.3.2025 aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) de Portela (Barro) e Alba (Pontevedra), en base aos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022 o presidente da CMVMC de Alba presenta solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Alba (Pontevedra) e a CMVMC de Portela (Barro). Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de Sequeiros e Reiriz (ID: 2977) da CMVMC de Alba.

– MVMC de Portela (ID: 2455) da CMVMC de Portela.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG):

• Acta do apeo do deslindamento do 22.9.2022.

• Acta de conciliación núm. 5/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz do Concello de Barro do 4.4.2023.

• Certificado do 16.4.2024 do secretario da CMVMC de Alba coa conformidade do presidente da aprobación en Asemblea Xeral do 30.10.2022.

CVE-DOG: h2cvoxn5-ttg8-bvi1-fad8-ejovhk8ewpc6

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

• Certificado do 16.4.2024 da secretaria da CMVMC de Portela coa conformidade do presidente da aprobación en Asemblea Xeral do 18.12.2022.

Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 29.6.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 1119 do COETF de Galicia.

Informes de validación gráfica catastral con CSV: HDSQQDV4ZNSYJ5SK e CSV: FYCZGGBYFBD58J4M.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 483 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto 01: x: 528.575,72; y: 4.704.859,08.

Punto 02: x: 528.279,87; y:4.704.798,71.

Punto 03: x: 528.100,74; y: 4.704.826,47.

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos e considérase que non afecta a terceiros propietarios.

A liña do deslindamento non é coincidente coa liña de concellos do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Barro e Pontevedra.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación polo que ambas comunidades realizan un axuste para que o deslindamento sexa coincidente no punto inicial e final coa planimetría existente.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo Xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC de Portela (Barro) e CMVMC de Alba (Pontevedra), nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 LPAC; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 16 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: h2cvoxn5-ttg8-bvi1-fad8-ejovhk8ewpc6




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| 01 | 528575,72 | 4704859,08 |
| 02 | 528279,87 | 4704798,71 |
| 03 | 528100,74 | 4704826,47 |

DC22052 CMVMC DE PORTELA--CMVMC DE ALBA

- Puntos do deslindamento
- Liña do deslindamento
- Concellos_IGN_Liña

0 100 200

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Portela (Barro) e a CMVMC de Alba (Pontevedra)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:2.000

NOVEMBRO -2024